

MÉTODOS. O comentario dun texto histórico

Analizar e comentar un documento ou texto histórico é unha das tarefas principais que desenvolven día a día os historiadores, xa que a historia da humanidade, desde a invención da escritura, se reconstrúe principalmente por medio dos documentos escritos.

1. Coñece-lo texto histórico

- **Le-lo texto tódalas veces que sexa necesario** ata comprendelo ben. Se non se coñece algún termo, palabra ou concepto, é preciso busca-lo seu significado nun dicionario, enciclopedia ou manual ou preguntarlle ó profesor. Cómpre tamén capta-la **idea argumental** que transmite, así coma as ideas principais.
- Numera-las liñas do texto **de cinco en cinco** para que as referencias que se fagan do texto sexan rápidas e cómodas.
- **Subliña-las partes** esenciais do texto. O subliñado é un exercicio de grande utilidade para capta-lo fundamental do seu contido; débense destaca-los conceptos, os feitos, os personaxes e as datas básicas.
- Se é necesario, indica-las **intencións do autor** e a **quén vai dirixido** o documento.

2. A clasificación do texto

Clasifica-lo texto significa descifra-la súa natureza, tema, data, autor e o contexto histórico xeral.

- **A súa natureza.** O documento pode ser:
 - Administrativo: censo, catastro, estatísticas, listas, etcétera.
 - Xurídico: leis, decretos, constitucións, contratos, pactos, tratados, estatutos, etc.
 - Narrativo: escritos de opinión extraídos dun libro, ensaio ou obra literaria.
 - Xornalístico: artigos de opinión, noticias e entrevistas de prensa.
 - Testemuñal: memorias, autobiografías, cartas, diarios, discursos, etc.
 - Historiográfico: libros e artigos escritos por historiadores sobre un feito ou un tema de natureza histórica.
- **O tema:** político, económico, social, cultural... ou unha mestura de varios.
- **A data** de redacción do documento.
- **O autor.** Pode ser individual (un ou varios autores ben definidos) ou colectivo (un grupo). No primeiro caso cómpre indagar sobre:
 - A súa actividade profesional e a súa relación co texto.
 - Os datos biográficos fundamentais: anos de nacemento e morte, feitos principais da súa vida, etc.

- A súa importancia no contexto histórico.
- Os elementos subxectivos que proxecta o autor ante unha realidade histórica.

- **O contexto histórico xeral** en que se desenvolveu o texto.

3. Cómo desenvolve-lo comentario

Un comentario de texto é unha análise dos contidos dun documento co obxectivo de encadrarlo no seu contexto histórico. Para isto cómpre realizar unha introducción, un desenvolvemento e unha conclusión.

- **A introducción** presenta o texto. Debe indicar:
 - A natureza do texto.
 - A data de creación.
 - O autor, a súa función en relación co texto e a súa importancia histórica.
 - Breve contexto histórico do texto ou da situación histórica que narra.
 - Presentación das principais ideas que transmite.
- **O desenvolvemento** ou explicación propiamente dita. Consiste en analizar e comenta-lo texto.
 - a) **A análise** consiste en:
 - **A extracción das ideas principais que transmite.** Deben ordenarse xerarquicamente, das ideas principais ás secundarias. Cómpre desenvolver cada idea principal nunha parte; cada idea secundaria presentarase nun parágrafo diferente, aínda que estean subordinadas á idea principal e, xa que logo, relacionadas.
 - **A aclaración dos conceptos e elementos que aparecen no texto e a súa relación coas ideas principais e secundarias.** Para isto, é útil citar literalmente partes do texto e utiliza-la numeración das liñas.
 - b) **O comentario** consiste en:
 - A **relación** das ideas do texto coa situación histórica concreta.
 - A **crítica e valoración**, completando as ideas e argumentos que se transmiten e encadrándoos no seu contexto histórico: antecedentes ou factores que determinaron a creación do texto, relación con outros documentos, consecuencias históricas que se poden deducir del, etc.
 - A **valoración da obxectividade** do texto e a **crítica** da súa achega histórica.
- **A conclusión** consta de:
 - O **resumo** nun ou dous breves parágrafos dos resultados do comentario.
 - Unha **síntese** que indique tamén a importancia do contido do texto na súa época.

APLICACIÓN: A Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán (1789)



Os representantes do pobo francés constituídos en Asemblea Nacional [B], considerando que a ignorancia, o esquecemento ou o desprezo dos dereitos do home son as únicas causas dos males públicos e da corrupción dos gobernos, resolveron expoñer nunha declaración solemne, os dereitos inalienables e sagrados do home, para que esta declaración [A], constantemente presente a tódolos membros do corpo social, lles lembre sen cesar os seus dereitos e os seus deberes; para que os actos do poder lexislativo e os do poder executivo [C], podendo en cada instante ser comparados co obxecto de toda institución política, sexan máis respectados; a fin de que as reclamacións dos cidadáns, fundadas desde agora sobre principios simples e indubidables, sirvan sempre para o mantemento da Constitución e o benestar de todos [C].

Preámbulo da *Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán*, 1789 [A]

1. Coñece-lo texto

Na lectura do texto utilizouse a seguinte clave:

- **Subliñado:** ideas principais.
- **Dobre subliñado:** conceptos básicos con significado imprescindible de coñecer para comprende-lo documento.
- **A:** data, natureza do documento e idea principal do documento.
- **B:** autoría do documento.
- **C:** intencionalidade ou función do documento.
- **Idea principal:** «expoñer, nunha declaración solemne, os dereitos inalienables e sagrados do home».

2. A clasificación do texto

- **Natureza.** É un texto de carácter xurídico, pois corresponde a unha declaración de dereitos.
- **Tema.** Político. O documento recolle o Preámbulo da *Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán* (1789), un dos piares do novo sistema político que se implantou en Francia trala revolución.
- **Data.** 1789.
- **Autor.** Colectivo. A Asemblea Nacional.
- **Contexto histórico.** A revolución francesa é o inicio do ciclo revolucionario liberal en Europa, ciclo que se prolongará ó longo do século XIX.

3. Desenvolve-lo comentario

• Introducción

Redactaranse os datos extraídos da primeira toma de contacto co texto, indicando cáles son as ideas principais, previamente subliñadas, e a función do documento e sinalando brevemente o contexto histórico: o período inicial da revolución francesa, a creación da Asemblea Constituínte e a precipitación da crise do Antigo Réxime.

• Desenvolvemento

Explicación das ideas do texto en tanto que representan a crise do Antigo Réxime a través dun proceso de cambios políticos, sociais e ideolóxicos na Francia de finais do século XVIII.

Interpreta-la Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán no contexto da creación da Asemblea Nacional e da revolución francesa. Valora-la súa importancia na Historia.

Relación da Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán que se aprobou en Francia con outras declaracións de finais do século XVIII que defenderon os dereitos humanos.

• Conclusión

Resumo das ideas principais do documento, valorando a súa importancia como manifesto contra o Antigo Réxime e como anuncio da sociedade liberal do século XIX.